



Area / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 YGS	Documento 54115I05ON	
Código de verificación  0C4W 3U05 2U6F 1S3C 1AV5	Expediente 541/2021/365	
	Fecha 04-06-2021	

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA
CORUÑA E A ASOCIACIÓN GATUCHINHOS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN NAS COLONIAS FELINAS
EXISTENTES NO TERMO MUNICIPAL DA CORUÑA**

A Coruña,

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D^a. M^a Esther Fontán Prado, Concelleira Delegada de Medio Ambiente, que actúa, por delegación da Alcaldía, en nome e representación do Concello de Coruña, con CIF P1503000J, en virtude do artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

DOUTRA PARTE, Dna. Catalina Parga Varela con DNI ***7839**, en nome e representación da ASOCIACIÓN GATUCHINHOS con CIF G70440904, que declara responsablemente que a asociación á que representa está legalmente habilitada para actuar como asociación de protección e defensa dos animais e como entidade de acción voluntaria (en diante, “ASOCIACIÓN”)

As dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica e poder bastante para obrigarse e de común acordo,

EXPOÑEN:

I.- Que en virtude do establecido na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, de 2 de abril, o Concello da Coruña pode, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover actividades e presta-los servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da dita Lei, cuxo parágrafo segundo establece que os municipios exercerán en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, o medio ambiente urbano.

En todo caso, e ó abeiro do artigo 26 da Lei 7/1985, o medio ambiente urbano é unha competencia mínima obrigatoria nos municipios de máis de 50.000 habitantes.

Dentro das ditas competencias, e no tocante á materia de protección animal, o artigo 22 da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, establece que “Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal”, correspondéndolles ós alcaldes e ás alcaldesas a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio, segundo o artigo 6 da dita Lei. Así mesmo, consonte co artigo 5 da Lei 4/2017, “Todas as Administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación



da presente lei e na denuncia ante os órganos competentes de calquera actuación contraria ó disposto na mesma”.

Pola súa banda, o artigo 1 da Lei 8/2003 de 24 de abril, de sanidade animal prevé que os seus fins son a prevención, loita, control e erradicación das enfermidades dos animais susceptibles de ser transmitidas á especie humana ou que impliquen riscos sanitarios e a mellora sanitaria dos animais.

II.- Que a ASOCIACIÓN ten entre as súas finalidades a protección e defensa dos animais de xeito voluntario, de conformidade co disposto no Título IV da Lei 4/2017, xa citada.

III. Que o incremento da sensibilidade social respecto da protección animal, xunto coa evolución normativa respecto dos dereitos dos animais fan que se creen novas necesidades para aborda-los problemas que ocasionan os animais domésticos abandonados nas nosas cidades, en particular dos gatos. O anterior, sen esquecer que a súa presenza é positiva desde o punto de vista do control biolóxico das pragas urbanas de roedores, sempre e cando se manteñan nas debidas condicións de hixiene e salubridade, e que a súa “erradicación” é custosa e complexa pola súa alta taxa de reprodución e adaptación ao medio e non acorde ao século XXI.

IV.- Que na busca do benestar animal e da salubridade pública, e polo que fai á presenza de gatos en espazos urbanos, correspóndelles ós concellos a vixilancia e control das poboacións de gatos rueiros, mediante a creación de colonias felinas controladas, consonte co disposto no artigo 26 da Lei 4/2017, segundo o cal *“Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións da contorna o permitan, co fin da súa protección e control poboacional”*, debendo os gatos das ditas colonias ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario.

O establecemento controlado deste tipo de colonias a medio e longo prazo constitúe un método menos custoso para a Administración que a captura continuada e permanente dos gatos, mellorando a salubridade dos exemplares, a limpeza e o ornato da zona, o que contribúe a eliminación de malos cheiros.

V.- Que segundo o artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, Lei xeral de subvencións) o concepto de subvención fai referencia a toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir cos deberes materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

VI.- Que o Concello da Coruña entende que a implantación, control e seguimento das colonias felinas é unha actividade de interese xeral para o conxunto da comunidade, sendo necesaria a colaboración das administracións implicadas, das asociacións protectoras de animais e dos veciños e veciñas voluntarias.



VII.- Que para a realización de actuacións de control e mantemento das colonias felinas da cárcere-durmideiras e da rotonda do pavo real a ASOCIACIÓN foi autorizada por decreto da Concelleira delegada de Medio Ambiente o 28.09.2020.

VIII.- Que as actuacións de control e mantemento das colonias felinas constitúen actuacións propias da ASOCIACIÓN e constitúen boa parte da súa razón de ser, recollendo o Orzamento municipal, para o exercicio 2021, unha subvención de carácter nominativo a favor da ASOCIACIÓN por importe de 4.500 euros.

IX.- Que o artigo 22.2 da Lei 38/2003, permite que se concedan de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Así mesmo, o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

X.- Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesa, a ASOCIACIÓN, a requirimento municipal, presentou no Rexistro en data ... a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Por canto antecede, as comparecentes, na representación que exercen, manifestan a vontade de ambas entidades de subscribir este convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establece-las bases da colaboración técnica e económica entre o Concello da Coruña e a ASOCIACIÓN para a execución de actuacións nas colonias felinas da cárcere-durmideiras e da rotonda do pavo real (mais outras colonias que durante a vixencia deste convenio se poidan autorizar), de forma que esas actuacións, como obxecto propio da ASOCIACIÓN, redunden no obxectivo deste Concello que é que a colonia gatuna estea nas mellores condicións sanitarias, conseguindo así mellora-la salubridade pública na zona onde radica a colonia. Concrétase o anterior, no obxectivo de sanear e esteriliza-los gatos pertencentes a dita colonia.

Estas actividades desenvolveranse entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2021.

SEGUNDA.- NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

TERCEIRA.- DEBERES DO CONCELLO DA CORUÑA

O Concello comprométese a aportar á ASOCIACIÓN a cantidade de 4.500 euros, correspondentes o orzamento do ano 2021. Esta financiación terá natureza de subvención específica para a execución das actuacións obxecto deste convenio, sen que poida xerar beneficio económico ningún nin para a ASOCIACIÓN nin para os seus integrantes, responsables ou voluntarios/os.



O Concello da Coruña autorizou a ASOCIACIÓN a a esterilizar, tratar, alimentar e sanear os gatos pertencentes ás ditas colonias, dunha forma controlada.

A autorización, realizada pola Concelleira delegada de Medio Ambiente mediante decreto do 28.09.2020, quedaba condicionada os seguintes requisitos:

“- Presentación dunha declaración responsable na que se identifique a persoa de contacto que responde en nome da asociación, así como das persoas que, baixo a organización da dita asociación, poderán levar a cabo actuacións de alimentación, saneamento, así como captura para esterilización ou tratamento dos gatos pertencentes as colonias felinas.

- A alimentación só poderá realizarse nas zonas previamente acordadas coa Administración municipal. A alimentación realizarase a diario con penso seco e auga limpa e fresca no interior das casetas habilitadas -non se permite na contorna exterior das casetas- e en igual horario para minimizar comportamentos molestos e facilitar a observación das colonias.

A comida non poderá permanecer nos comedeiros máis do tempo estritamente necesario para a alimentación dos gatos, de xeito que non pode quedar comida sobranse nos comedeiros

Deberá manterse e limparse diariamente as zonas, utensilios... destinados a alimentación dos gatos, de forma que se manteña unhas axeitadas condicións de hixiene.

- Responsabilizarse dos posibles danos persoais ou materiais que puidesen derivarse das súas actuacións.

- A autorización concedida poderá revogarse por calquera motivo que a Administración municipal considere oportuno, coma naqueles casos nos que por parte da asociación non se estean realizando as actuacións dunha forma ordenada, controlada e mantendo o debido ornato público.

Así mesmo, durante a vixencia da autorización, poderán remitírselle máis condicionantes destinados fundamentalmente ao debido control das actuacións a realizar”.

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN

1.- A ASOCIACIÓN comprométese a destina-los fondos achegados polo Concello da Coruña á realización de actuacións de mantemento e control das colonias felinas da cárcere-durmideiras e da rotonda do pavo real (mais outras colonias que durante a vixencia deste convenio se poidan autorizar), actividades cuxa responsabilidade asume e que se desenvolverá durante o exercicio 2021.

As actuacións que son obxecto deste convenio, son as seguintes:

- Esterilización dos gatos:
 - Realizarán a captura dos gatos e terán que trasladalos a un facultativo veterinario para a súa esterilización e desparasitación externa e interna, asumindo os gastos derivados dos tratamentos sanitarios e cirúrxicos correspondentes. As esterilizacións consistirán na práctica de ovariectomía no caso das femias e de orquiectomía no dos machos, e marcaranse todos os exemplares saneados e esterilizados mediante amputación do cuarto superior esquerdo da orella, no caso dos machos, e do cuarto superior dereito, no caso das femias.
 - Volta dos gatos á colonia orixinal ou ao seu entorno natural tras a esterilización, poñendo especial coidado na selección e situación das zonas de solta, evitando zonas especialmente sensibles, como zonas infantís escolares, lugares de especial valor ecolóxico, etc.
 - No caso de que os gatos precisen de repouso trala súa intervención o Concello pon a disposición da ASOCIACIÓN o Centro de Acolida de animais municipal, debendo encargarse a



ASOCIACIÓN do transporte dos gatos dende o centro veterinario ata o Centro de Acollida. Transcorrido o tempo de repouso indicado polo facultativo veterinario, a ASOCIACIÓN recollerá os gatos do Centro de Acollida de animais municipal e devolveraos á colonia orixinal.

- De realizarse o repouso no domicilio particular dunha persoa responsable, asumirá esta tódalas responsabilidades que se poidan derivar deste feito, debendo en todo caso manter tódalas precaucións e coidados precisos para a boa saúde do animal, da veciñanza e das persoas que poidan entrar en contacto con el. O repouso domiciliario deberá contar coa conformidade do facultativo veterinario actuante.
- Intervención cirúrxica dos gatos, coa metodoloxía sinalada anteriormente para a súa esterilización. Neste caso, deberá obter previamente a autorización do Servizo municipal de Medio Ambiente, salvo caso de urxencia.
- Desparasitación periódica dos gatos da colonia felina.

En relación con estas actuacións, a ASOCIACIÓN comprométese a:

- Elaborar un censo da colonia felina, con indicación do número de exemplares que a compoñen, novas incorporacións e estado xeral dos animais, con indicación dos que se encontran esterilizados.
- Traslado de xeito inmediato ó Servizo de Medio Ambiente das incidencias ou eventos que afecten ó axeitado desenvolvemento e execución das actuacións, ou que poidan xerar un risco ou molestia para a veciñanza ou para os membros da colonia por parte dos veciños.
- A non alimentación dos animais fóra das zonas habilitadas (casetas-comedeiros), agás cando haxa que darlle algún medicamento a algún gato en concreto, para o cal disporán de dous metros ó redor das casetas para o dito cometido.

A alimentación realizarase con penso seco e auga limpa e fresca no interior das casetas habilitadas -non se permite na contorna exterior das casetas- e en igual horario, para minimizar comportamentos molestos e facilita-la observación da colonia.

A comida non poderá permanecer nos comedeiros máis do tempo do estritamente necesario para a alimentación dos gatos, de xeito que non pode quedar comida sobranse nos comedeiros. A ración deberá reducirse se permanece máis dunha hora nos comedeiros.

No interior das casetas non se acumularán substancias ou elementos que poidan xerar molestias ou ter carácter insalubre ou perigoso. Manterase a caseta e a súa contorna en correctas condicións de limpeza, salubridade, hixiene e ornato, libres de residuos e lixo. Os utensilios empregados (comedeiros, bebedoiros e outros) limpanse de xeito diario con auga e deterxente.

Cunha frecuencia mínima de dúas veces por semana deberanse desinfecta-los materiais con auga e desinfectantes de uso doméstico, diluída en proporción aproximada 1/10, durante 10 minutos como mínimo. Posteriormente, todos os materiais aclararanse convenientemente con auga limpa e deixaranse secar ó aire libre.

- Asunción da responsabilidade derivada dos posibles danos persoais ou materiais que puidesen derivarse da súas actividades.



- Cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para o mantemento, durante toda a vixencia do convenio, da condición de asociación de protección e defensa dos animais e de entidade de acción voluntaria.

2.- Así mesmo, a Asociación comprométese a conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e poñelos a disposición do Concello para que leve a cabo as actuacións de comprobación e control.

3.- A ASOCIACIÓN comprométese a destinar os fondos aportados polo Concello da Coruña a finalidade contemplada, que se desenvolverá no exercicio 2021, así como a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

4.- A ASOCIACIÓN comprométese a presentala documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste Convenio.

5.- A ASOCIACIÓN comprométese a comunicarlle o Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

6.- Todas as actuacións desenvolvidas pola ASOCIACIÓN serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Servizo Municipal de Medio Ambiente, polo que se someterán a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias por parte do Concello da Coruña para comprobar que se está a cumprir coa normativa de aplicación e, ó tempo, calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realiza-los órganos de control competentes. Para elo, a ASOCIACIÓN achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

7.- A ASOCIACIÓN comprométese a cumprir cos demais deberes impostos pola Lei xeral de subvencións, e as demais normas de aplicación.

QUINTA.- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade financiarase coa aportación municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total.

Segundo o disposto no artigo 32.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, de se-lo custo total das actividades realizadas pola ASOCIACIÓN inferior ó importe da financiación pública, procederá o reintegro desta polo importe que exceda do custo total das actividades realizadas.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, sempre que non supere o custo das actividades realizadas subvencionadas. O anterior, sen prexuízo do que poida establece-la normativa reguladora das ditas subvencións ou axudas.



De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, sendo compatible a dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo das actividades, e aquelas foran compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegra-lo exceso a favor das Entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiación, exixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada en virtude deste Convenio.

SEXTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1.- Teñen a consideración de gastos subvencionables aqueles sinalados no punto primeiro da cláusula CUARTA deste convenio, que se realicen durante o exercicio 2021 e estean efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido en la cláusula NOVENA deste convenio.

Son: a esterilización, a intervención cirúrxica e a desparasitación dos gatos.

Os gastos subvencionables por intervencións cirúrxicas non superarán o 15 % do total do resto dos gastos xustificadas. O importe en exceso non será subvencionable.

2.- Non serán subvencionables os gastos realizados fóra do prazo de execución do convenio ou pagados fóra do prazo de xustificación. Tampouco os gastos realizados apartándose do disposto neste convenio, concretamente, os gastos nos que se incorra sen cumprir co disposto na cláusula CUARTA.

3.- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

4.- Poderase imputar á conta xustificativa gastos xerais da ASOCIACIÓN que teñan vinculación coa actividade subvencionada, ata un 20 % do orzamento, ou do gasto executado si é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. A imputación da actividade subvencionada terá que levarse a cabo na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. En particular, a imputación de custos de persoal da estrutura da entidade beneficiaria dedicado a labores de organización, coordinación, control, dirección ou similares, consideraranse a efectos desta subvención gastos indirectos (xerencia, secretarías, contables, administración, etc.)

Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais un 10 % do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fidedignamente nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.

5.- En ningún caso a ASOCIACIÓN beneficiaria poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, segundo o artigo 68.2 do RD 887/2006, agás que concorran as seguintes circunstancias:

- Que se obteña a autorización expresa e previa do órgano concedinte, do seguinte xeito:
 - O interesado deberá solicitar autorización con carácter previo ó desenvolvemento da



actividade subvencionada.

- O órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou subministracións que poden ser obxecto de contratación.
- Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmo termos establecidos para acreditar os gastos da ASOCIACIÓN beneficiaria.

6.- A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 9 da Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións. Poderase subcontratar ata o 90% da actividade subvencionada.

Con todo o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LGS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 90% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 90% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación, nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

SÉTIMA.- ABONO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, o recoñecemento do deber a favor da ASOCIACIÓN e o pagamento da aportación realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Transcorrido o dito prazo sen que se presente a documentación requirida, arquivarase a solicitude e entenderase á ASOCIACIÓN desistida da súa petición.

Poderán realizarse pagos anticipados de ata un 100% da subvención, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, a entidade beneficiaria deberá solicitalo expresamente, constituíndo unha garantía de ata un 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagado polo Concello, sexa no primeiro pagamento anticipado ou sobre varios, ata alcanzar esta contía. Estes pagos anticipados realizaranse logo da resolución do órgano municipal competente para outorga-la subvención. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.



Non poderá realizarse o pagamento da subvención á entidade beneficiaria en tanto non estea ó corrente do cumprimento dos seus deberes tributarios co Concello e a Axencia Tributaria, e fronte á Seguridade Social, nin ser debedor por resolución de reintegro.

OITAVA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

A execución e xustificación do presente convenio corresponderá á ASOCIACIÓN.

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo de execución das accións comprenderá desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2021. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do dito período.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN

Logo de finalizada a actividade, en todo caso, antes do 28 de febreiro do 2022, a ASOCIACIÓN deberá presentar no Rexistro Xeral deste Concello a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Una memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos das actividades realizadas, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.

- Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas. As facturas ou documentos probatorios deberán incluír unha descrición dos bens ou servizos que se facturan de forma clara e precisa.
- Cando o importe facturado sexa inferior a 400 euros, IVA incluído, en calquera tipo de operación admitirase a factura simplificada, anque esta factura debe incluí-lo destinatario/a, que será en todo caso a ASOCIACIÓN.
- Os xustificantes de pago orixinais (facturas) presentados marcaranse cunha estampilla, indicando nela a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total o parcialmente á subvención. Neste último caso indicarse ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.
- Acreditación de que cada gasto foi efectivamente pagado. Só terá a consideración de gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realice a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, neste último caso debe achegarse igualmente extracto ou movemento bancario, e coa conformidade,



suficientemente acreditada, do contratista ou provedor/a na correspondente factura no caso de pagos en efectivo, isto é mediante recibo no que conste que o emisor/a foille satisfeito o importe, ou ben no propio xustificante de gasto o emisor acredite co[<] seu NIF e sinatura que recibiu o importe e a data en que o recibiu.

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 300 euros. En caso de que o pagamento dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 300 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ó servizo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobro da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega a estas persoas acreedoras dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa orixe.

d) Se for o caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

A efectos de paga-la subvención, unha vez xustificada, non poderá realizarse o pagamento en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social, nin sexa debedor por resolución de reintegro. O anterior, de conformidade co sinalado na cláusula SÉTIMA.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes na censura das contas.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Segundo o artigo 8.1. c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e entidade beneficiaria, será obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña [http:// www.coruna.gal/transparencia/é/claridade-en-a-xestión/subvenciones-e-axudas](http://www.coruna.gal/transparencia/é/claridade-en-a-xestión/subvenciones-e-axudas).

Por ese motivo, a entidade beneficiaria da subvención está obrigada a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garanti-la transparencia, facilita-lo control cidadán da actuación pública e fomenta-la participación, logo do requirimento da Administración municipal, para garanti-lo deber de publicidade activa do Concello da Coruña, cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

UNDÉCIMA.- REINTEGRO

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas neste convenio poderá dar lugar ó deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ó pagamento dos intereses de demora que se devenguen desde o día en que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos



36 e seguintes da Lei 38/2003, xa dita, e nos artigos 91 e seguintes do R.D. 887/2006, dándolle en todo caso audiencia ó interesado.

Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impediron.
2. No caso de concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos nacionais, da UE ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
3. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeira previstas nos artigos 14 e 15 da Lei 38/2003..
4. Calquera outra causa que expresamente constitúa infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión consonte co establecido na Lei 38/2003 e na súa normativa de desenvolvemento.
- 5.- En caso de que realice a xustificación fóra do prazo previsto, e tras o requirimento efectuado segundo o sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- 6.- Nos demais supostos previstos na Ordenanza Xeral de Subvencións.

DECIMOSEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003 e na súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impoñer-las sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei 38/2003, axustándose ó procedemento sancionador previsto na dita Lei, e sendo o órgano sancionador competente o mesto que ten atribuída a competencia para a súa resolución.

DECIMOTERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Crearase unha Comisión de Seguemento que estará composta por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio. Esta Comisión reunirase tantas veces como requira a boa marcha do convenio.

DECIMOCUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante aviso previo/previo aviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DECIMOQUINTA.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa y rexerase polo establecido nas súas cláusulas ou, no seu defecto, polo establecido na normativa xeral.



As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución deste convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegura-la correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan por duplicado exemplar, no lugar e na data indicados no encabezamento.

Dna. Esther Fontan Prado

Dna. Catalina Parga Varela

Concelleira delegada de Medio Ambiente

Presidenta da “ASOCIACIÓN GATUCHINHOS”